



O espírito do erotismo e o cántico da humanidade

Fernando Vidal Fernández¹

O mundo sufriu unha gran desvinculación e é misión histórica do noso século tecer a gran revinculación. O empobrecemento das relacións e comunidades primarias, así como da fraternidade universal, reflíctense tamén nunha cultura sexual demasiado mercantilizada pola industria e cousificadora, que non crea vínculos, senón que mesmo alenta novas violencias. Aínda que a maior parte da xente vive unha sexualidade sa e creadora, hai graves riscos como é o caso da pornografía que usa e diríxese á infancia (en España en 2018 a metade dos nenos entre 11 e 14 anos viran pornografía na internet e o 20% antes dos oito anos), o feito de que máis de 40 millóns de persoas sexan prostituídas no mundo ou a aparición de novas violencias descarnadas (a palabra máis buscada na pornografía da internet é violación, e o vídeo pornográfico máis visto é unha violación en manda dunha moza). Sen dúbida, existen graves riscos.

Non toda cultura sexual é compatible coa democracia e aquela que viola a dignidade das persoas, as usa e cousifica, deteriora as relacións humanas, mercantiliza o que non pode ter prezo, ou aliena con adiccións, vai na dirección contraria á democratización e cultura pública dos Dereitos Humanos.

A humanización da cultura sexual —o conxunto de valores, crenzas, sentimentos e prácticas sexuais da xente— é un núcleo clave

1 Fernando Vidal é doutor en Socioloxía e profesor de Psicoloxía e Traballo Social na Universidade Pontificia Comillas. É director do Centro de Impacto Social, director da Cátedra Amorís Laetitia e investigador do Instituto Universitario da Familia, que dirixiu durante dez anos.